



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA 04.02.2020 RELATIVA AO CONTRATO DE OBRAS DE “ENSANCHE CAMIÑO DO QUINTEIRO (TOMONDE)”

Con data do 04.02.2020, cando son as 10:15 horas, reúnen na Sala de concelleiros do antigo Concello de Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de Obras de “ENSANCHE CAMIÑO DO QUINTEIRO (TOMONDE)” coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presente como Presidente, D.Fernando Vázquez Corbacho, Primeiro Tenente de alcalde, en substitución de D. Jorge Cubela López, Alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, e como vogais: D<sup>a</sup> Isabel Outeiriño Sánchez, Secretaria do Concello de Cerdedo-Cotobade, D<sup>a</sup>. Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello de Cerdedo-Cotobade, e D<sup>a</sup>. Jeanett López Fernández funcionaria do Concello que actúa na súa calidade de Secretaria da Mesa de Contratación.

A empresa Construcciones Manuel Pérez Portela presentou a documentación xustificativa da súa oferta na data do 27.01.2020.

Dáse conta do informe emitido polo redactor do proxecto Enxeñeiro de Camiños redactor do proxecto D. Julio C. Rojo Martínez do 28.01.2020 co seguinte resultado:

*D. Julio Cesar Rojo Martinez, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, pertencente á empresa Estudio Técnico Gallego S.A., tras haber sido solicitado polo Concello de Cerdedo- Cotobade informe técnico sobre a xustificación presentada polo licitador:*

**Manuel Pérez Portela S.L.**

*Por haberse considerado oferta con valores anormalmente baixos ou desproporcionados, detectada no procedemento de adxudicación da obra denominada “ENSANCHE CAMIÑO DO QUINTEIRO (TOMONDE). Emite o seguinte informe en relación aos elementos técnicos da xustificación presentada.*

*Segundo o indicado na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares o licitador que presente unha oferta con valores anormais ou desproporcionados, deberá xustificala e precisar as condicións da mesma, en particular o que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou posible obtención dunha axuda do Estado.*

*Unha vez analizada a documentación presentada polo licitador **Manuel Pérez Portela S.L.**, e de conformidade coa cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da obra anteriormente citada, se conclúe que a empresa licitadora realiza una correcta e suficiente xustificación da oferta presentada polo que se informa favorablemente e se propón a súa continuidade no procedemento de licitación.*

Visto os antecedentes anteriores a mesa de contratación considera xustificada a oferta de Manuel Pérez Portela S.L.

A mesa procede a valoración das ofertas co seguinte resultado:





# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



EMPRESA	PREZO	PUNTOS	GARANTIA	PUNTOS	MEMORIA	PUNTOS	TOTALES
COVSA	89.057,17 €	51,72	3	15,00	SI	24,38	91,10
CALDEVERGAZO	88.088,00 €	52,29	3	15,00	SI	19,38	86,67
MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	76.768,23 €	60,00	3	15,00	SI	23,75	98,75
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.	89.298,33 €	51,58	3	15,00	SI	22,00	88,58
NAROM S.L.	79.240,07 €	58,13	3	15	SI	18,75	91,88
OBRAS Y SANEAMENTOS DE GALICIA S.L.	95.186,57 €	48,39	3	15	SI	16,71	80,10
E.C. CASAS S.L.	80.586,54 €	57,16	3	15	SI	22,50	94,66
NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.	95.940,19 €	48,01	3	15	SI	21,88	84,89
COVIASSTEC S.L.	94.704,26 €	48,64	3	15	SI	22,50	86,14
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO	77.077,00 €	59,76	3	15	SI	22,00	96,76

Consta inscrición Manuel Pérez Portela S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (421).

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público, na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación,

## RESOLVE:

- 1.Declarar válido o acto de licitación.
- 2.Emitir proposta de adjudicación da obra “Ensanche Camiño Quinteiro” en favor da empresa Manuel Pérez Portela S.L., ao constituír a ofertas máis ventaxosa non incurso en presunción de temeridade de acordo cos antecedentes anteriores.
- 3.Notificar electrónicamente a Manuel Pérez Portela S.L., e requirirille, como oferta economicamente mais ventaxosa non incurso en temeridade para que, dentro do prazo de **SETE DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da presente comunicación, aporten:

Constitución da garantía definitiva por importe de: 3.172, 24€

- 4.Advírteselle que, de no cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retiraron a súa oferta, procedéndose a esixirille o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



5. Notificar a presente Resolución ao interesado.”  
Sen outro asunto que tratar a Mesa levanta a súa sesión ás 10:30 horas.

Cerdedo-Cotobade

A secretaria  
Jeanett López Fernández  
(documento asinado dixitalmente á marxe)

P3600048G



Cod. Validación: 55ZKYNS752P4E77D3WDR62XHK | Corrección: <https://concellodecerdedocotobade.setelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3